

## **MOCIÓN Nº1 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE CREACIÓN DUNHA CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN DE RESPONSABILIDADE CIDADÁ**

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de Via Alfoz presenta a seguinte **MOCION** para a súa discusión no **PLENO**.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Tal e como se pode observar na colección de fotografías que acompañan esta moción, nos últimos tempos véñse observando a proliferación de lixo nas beiras das vías públicas do noso concello. Este feito, ademais de ser unha mostra de incivismo, pode supoñer incluso un problema medioambiental grave e unha ameaza para a seguridade das persoas.

O abandono incontrolado deste tipo de lixo trae consigo graves consecuencias para o entorno. A principal é a mala imaxe proxectada á veciñanza e visitantes pero, ademais, aumenta o risco de incendios debido á presenza de cabichas mal apagadas, papeis ou restos de cristais que provocan o chamado “efecto lupa”, podendo dar lugar ao inicio dun lume. Así mesmo, a acumulación de lixo aumenta o risco de contaminación nos leitos dos nosos ríos.

Vista esta situación, desde o Grupo Municipal de Via Alfoz consideramos que desde as administracións se deberían levar a cabo accións, non só para retirar o lixo acumulado, senón para sensibilizar á poboación do seu nocivo impacto, para conseguir unha sociedade concienciada co coidado do medioambiente.

É por iso, que o Grupo Municipal de Via Alfoz propón ao Pleno que se tome os seguintes

### **ACORDOS:**

1. Levar a cabo unha campaña de sensibilización de responsabilidade cidadá, coa finalidade conseguir unha sociedade concienciada co coidado do medioambiente.
2. Promover iniciativas de voluntariado, enfocadas en realizar recollidas de lixo a través de agrupacións e/ou colectivos.

3. Instar ao Goberno Municipal a levar as accións necesarias para a retirada do lixo acumulado nas vías de titularidade municipal que supoñan un risco medioambiental.
4. Consignar unha partida nos vindeiros orzamentos municipais encamiñada a levar a cabo as accións indicadas nos puntos anteriores.
5. Instar ao resto das administracións, nomeadamente a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo, a que procedan de igual xeito, retirando o lixo acumulado nas vías da súa titularidade, que supoñan un risco medioambiental.

En Alfoz, a 25 de xaneiro de 2022

Asdo. Efigenia Maseda Paz  
Voceira do Grupo Municipal de Via Alfoz

Alcalde - Presidente do Concello de Alfoz











